

## NOTA BREVE / SHORT NOTE

### A formiga parasita social *Formicoxenus nitidulus* (Nylander, 1846) en Galicia, NO Iberia (Hymenoptera: Formicidae).

Fede García

Rúa Blesa, 45. E-08004 BARCELONA. e-mail: chousas2@gmail.com

**Palabras clave:** Hymenoptera, Formicidae, *Formicoxenus nitidulus*, xenobiosis, Galicia.

**The social parasitic ant *Formicoxenus nitidulus* (Nylander, 1846) in Galicia, NW Iberia (Hymenoptera: Formicidae).**

**Key words:** Hymenoptera, Formicidae, *Formicoxenus nitidulus*, xenobiosis, Galicia.

**Recibido:** 26 de noviembre de 2020

**Publicado on-line:** 30 de noviembre de 2020

**Aceptado:** 28 de noviembre de 2020

*Formicoxenus nitidulus* (Nylander, 1846) (Hymenoptera: Formicidae) é unha especie de formiga parasita social xenobiótica que habita dentro dos niños en domo de diversas especies de *Formica* Linnaeus, 1758 do grupo *rufa*, e que se distribúe por boa parte de Eurasia (Seifert, 2018). Morfoloxicamente, é una especie moi característica, polo que a súa confusión con calquera outra formiga europea é moi pouco probable: a obreira ten tamaño pequeno (uns 3 mm), color amarelo, superficie moi lisa e brillante, e presenza dun proceso en espiña na cara ventral do pospecíolo; ademais existen intercastas femias ápteras con graos variables de desenvolvemento do mesosoma e dos ocelos, e os machos son ergatoides (Seifert, 2018).

Na Península Ibérica coñécese só do Sistema Central con *Formica dusmeti* Emery, 1909, do Pireneo con *Formica lugubris* Zetterstedt, 1838 e do Sistema Ibérico de Burgos con *Formica rufa* Linnaeus, 1761 (véxase García & Cuesta, 2017 para unha recompilación das citas).

Engádense tres localidades no concello de Guitiriz (Lugo), nas que se atopou cohabitando con *Formica pratensis* Retzius, 1783:

- Ferreira: 22-VI-2017. 43°8'48"N 7°51'15"O, 420 m. Toxeira. Unha intercasta, sete obreiras.
- Cova da Serpe: 24-VI-2017. 43°6'0"N 7°55'9"O, 730 m. Toxeira. Unha raíña, catro intercastas, seis obreiras.
- Montemeá: 30-VI-2017. 43°9'32"N 7°53'27"O, 430 m. Beira de labradío. Cinco intercastas, catro obreiras, un macho (Fig. 1).

## Bibliografía

García, F. & Cuesta-Segura, A.D. 2017. Primer catálogo de las hormigas de la provincia de Burgos, España (Hymenoptera: Formicidae). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, 60: 245-258.

Seifert, B. 2018. *The Ants of Central and North Europa*. Lutra Verlags, Tauer. 408 pp.



Fig. 1.- Obreira (abaixo) e intercasta (enriba) de *F. nitidulus* de Montemeá (Guitiriz, Lugo).